

# ACTA DE FASE DE OPOSICIÓN E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

( SEGUNDO EJERCIZO: SUPOSTO PRÁCTICO )

Sendo as 11:00 horas do día 09.02.23, reúnense na Sala de Xuntas da Casa do Concello as persoas integrantes do Tribunal que xulga as probas de selección relativas á convocatoria pública de 1 Xefe/a de Servizos Sociais ( persoal laboral temporal ), segundo as Bases específicas aprobadas por Resolución do Alcalde do 12 de decembro de 2022.

Están presentes:

Carrera Ares, Rogelio Antonio	Presidente	Titular
Comesaña Pereira, Javier	Vogal	Titular
Domínguez Rodríguez, María Isabel	Vogal	Titular
Navia Vega, María de los Ángeles	Vogal	Titular
Montero Vecino, Rosa María	Secretaría	Titular

A xuntanza ten por obxecto realizar o obrigatorio e eliminatorio suposto práctico ( segundo exercizo: fase de oposición ), co gallo de valorar a aplicación práctica dos coñecementos teóricos ( formación xeral, claridade e orde de ideas, expresión escrita, capacidade de síntese, etc.).

Por especialización profesional relacionada co posto obxecto da convocatoria, actúan como redactoras-ponentes deste exercizo, as traballadoras sociais municipais integrantes do Tribunal ( Sras. Domínguez Rodríguez e Navia Vega ), a cuio criterio técnico se adhíren os restantes membros daquel con ocasión da corrección e cualificación do significado suposto.

Previo chamamento nos termos previstos nas indicadas Bases, comparecen as seguintes persoas aspirantes do que a súa identidade, verificada pola Secretaría do Tribunal, se especifica de seguido e, logo de rematar o exercizo, procédese á corrección do significado suposto práctico, téndose producido os seguintes resultados:

Identidade:	Puntos:
Dna. Estela Martínez Rodríguez.	5,00
Dna. Graciela Rivas Nogueira.	7,00

Debido a que todas as persoas aspirantes que aprobaron a fase de oposición demostraron o coñecemento da lingua galega en virtude do certificado CELGA 4 ou equivalente, quedan eximidas da realización da proba específica de galego.

Xa que logo, a cualificación final dos exercizos referida ás persoas aspirantes que superaron os sucesivos exercizos obrigatorios e eliminatorios é a seguinte:

Identidade:	Concurso:	Oposición Test:	Oposición Práctico:	Puntos:
Dna. Estela Martínez Rodríguez.	0,00	5,08	5,00	10,08
Dna. Graciela Rivas Nogueira.	2,10	5,71	7,00	14,81

De conformidade coas amentadas cualificacións globais ( suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición por parte das persoas aspirantes que superaron todos os exercizos desta última ), o Tribunal, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

- Declarar aprobada a Dna. Graciela Rivas Nogueira, e propoñer o seu nomeamento para a provisión/contratación do posto convocado por se tratar da persoa aspirante que obtivo a maior puntuación global logo de sumar as logradas nas fases de concurso e oposición, e de superar cada exercizo obrigatorio e eliminatorio previsto nas Bases reitoras deste proceso selectivo.
- Declarar igualmente aprobada a Dna. Estela Martínez Rodríguez, por ter superado tamén cada exercizo obrigatorio e eliminatorio esixido, e propoñela como suplente aos efectos previstos na Base XI das reitoras da convocatoria.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, rematou ás 13:00 horas de igual data e lugar.





Cod. Validación: 4S2GL5KZSMHJ92JN55GK73WYX | Corrección: <https://aeistrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2